



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Servizo de Primaria

Orde do 24 de xullo de 2009 pola que se fai pública a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11), para ingreso no corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

TEXTO:

De conformidade co disposto na base décimo primeira da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 8 de maio de 2009 (DOG do 11) os órganos de selección publicaron as relacións de aspirantes seleccionados, por orde de puntuación, e á vista de ditas publicacións, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.- Facer pública, no anexo I que se xunta, por especialidades e número de orde nesa especialidade, a relación dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde de 8 de maio de 2009 (DOG do 11).

Segundo.- Facer pública, no anexo II que se xunta, por especialidades, a relación de aspirantes que conseguiron unha nova especialidade.

Terceiro.- Os destinos que obteñan os opositores que se relacionan no anexo I desta Orde terá carácter provisional, e estarán obrigados a participar, no seu momento, nos seguintes concursos de traslados que se convoquen ata obter destino definitivo dentro do ámbito de xestión directa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarto.- Os que, por estar cumprindo o servizo militar ou por outra causa e que, a xuício da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, necesiten aprazamentos da súa incorporación á

fase de prácticas, unha vez que sexan chamados, deberán solicitalo por escrito ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adxuntando os documentos xustificativos.

Quinto.- Os opositores seleccionados, relacionados no anexo I, deberán presentar ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a documentación que se relaciona na base décimo segunda da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11), no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación.

Sexto.- Entenderase que renuncian ó procedemento selectivo os opositores seleccionados que non se incorporen ó destino no prazo de 5 días, unha vez elixido.

Sétimo.- A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará tódalas medidas precisas para o desenvolvemento desta Orde.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2009
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Jesús Vázquez Abad